



# MEMORIA DE ACTIVIDADES 2015

Instituto da Lingua Galega



Edita  
Instituto da Lingua Galega  
Universidade de Santiago de Compostela  
Praza da Universidade, 4  
15782 Santiago de Compostela  
A Coruña

Correo electrónico: [ilgsec@usc.es](mailto:ilgsec@usc.es)  
Páxina web: <http://ilg.usc.gal/>  
Teléfonos  
+34 8818 12815  
+34 8818 12802  
Fax  
+34 81572770

Maquetación  
Raquel Vila Amado

Universidade de Santiago de Compostela, maio de 2016

# Índice

LIMIAR .....	5
--------------	---

RELACIÓN DE LIÑAS E PROXECTOS DE INVESTIGACIÓN .....	7
--	---

A. PROXECTOS PROMOVIDOS NO SEO DO ILG .....	7
---	---

1. AMPER GALICIA .....	7
2. ARQUIVO DO GALEGO ORAL (AGO) .....	8
3. ANÁLISE DIALECTOMÉTRICA DOS DATOS DO ATLAS LINGÜÍSTICO GALEGO .....	9
4. ATLAS LINGÜÍSTICO GALEGO (ALGA) .....	10
5. BIBLIOTECA DIXITAL DA GALICIA MEDIEVAL (BGM) .....	11
6. CAMBIO LINGÜÍSTICO NO GALEGO ACTUAL .....	11
7. CONSTRUCIÓN VERBAIS E SINTAXE DA ORACIÓN (CONVERSO) .....	14
8. CORPUS DIXITAL DE TEXTOS GALEGOS DA IDADE MODERNA. CATALOGACIÓN, MULTIEDICIÓN, GLOSARIO E ESTUDO.....	15
9. CORPUS INFORMATIZADO GALEGO-PORTUGUÉS ANTIGO (CIGPA) .....	16
10. CORPUS ORAL INFORMATIZADO DA LINGUA GALEGA (CORILGA) .....	16
11. DICONARIO DE PRONUNCIA DA LINGUA GALEGA .....	17
12. DICONARIO DOS APELIDOS GALEGOS .....	17
13. EDICIÓN DA COLECCIÓN DIPLOMÁTICA DOS DOCUMENTOS GALEGOS MEDIEVAIS .....	18
14. EDICIÓN E ELABORACIÓN DOS MATERIAIS GALEGOS DO ALPI (ATLAS LINGÜÍSTICO DE LA PENÍNSULA IBÉRICA) .....	18
15. FITOFALADOIRO .....	19
16. GALEGO E PORTUGUÉS BRASILEIRO: HISTÓRIA, VARIAÇÃO E MUDANÇA .....	19
17. GRAMÁTICA DA LINGUA GALEGA .....	20
18. CORPUS DE TEXTOS ANTIGOS DE GALICIA (COTAGAL) .....	20
19. GRAMÁTICA HISTÓRICA DA LINGUA GALEGA (GHLG) .....	22
20. INVENTARIO TOPONÍMICO DA GALICIA MEDIEVAL (ITGM) .....	23
21. PLATAFORMA DE DOCUMENTACIÓN E ANÁLISE DE DATOS DIALECTAIS PERCEPTIVOS .....	23
22. TESOURO INFORMATIZADO DA LINGUA GALEGA (TILG) .....	24
23. TESOURO DO LÉXICO PATRIMONIAL GALEGO E PORTUGUÉS .....	24

B. PROXECTOS PROMOVIDOS POR OUTRAS INSTITUCIÓNS .....	26
---	----

1. ADQUISICIÓN DE ESCENARIOS DE CONOCIMIENTO A TRAVÉS DE LA LECTURA DE TEXTOS: DESARROLLO Y APLICACIÓN DE RECURSOS PARA EL PROCESAMIENTO LINGÜÍSTICO DEL GALLEGO (SKATER-UVIGO) .....	26
2. AN ELECTRONIC RESEARCH ENVIRONMENT AND EDITION OF THE ESTORIA DE ESPANNA OF ALFONSO X, KING OF CASTILE AND LEON .....	26
3. CORPUS DE REFERENCIA DO GALEGO ACTUAL (CORGA) .....	26
4. CORPUS HISPÁNICO Y AMERICANO EN LA RED: TEXTOS ANTIGUOS (CORPUS CHARTA) .....	27
5. EL ESTUDIO DE LA LENGUA ORAL: EXPLOTACIÓN Y ANÁLISIS DEL CORPUS. ESLORA2 .....	27
6. FRONTERA HISPANO-PORTUGUESA: DOCUMENTACIÓN LINGÜÍSTICA Y BIBLIOGRÁFICA .....	27
7. GALLAECIAE MONUMENTA HISTORICA .....	28
8. LIBROS, MEMORIA Y ARCHIVOS: CULTURA ESCRITA EN MONASTERIOS CISTERCIENSES DEL NOROESTE PENINSULAR (SS. XII Y XIII). LEMACIST .....	28
9. PEDRO DE BARCELLOS E A MONARQUÍA CASTELHANO-LEONESA. ESTUDO E EDIÇÃO DA SEÇÃO FINAL INÉDITA DA CRÓNICA DE 1344 .....	28

<b>CONSULTAS DA PÁGINA WEB DO CENTRO .....</b>	<b>29</b>
<b>ORGANIZACIÓN DE CURSOS, CONFERENCIAS E ENCONTROS LINGÜÍSTICOS .....</b>	<b>31</b>
A. SIMPOSIO ILG 2015: CAMBIOS LINGÜÍSTICO NO GALEGO ACTUAL .....	31
B. GALLAECIA – III CONGRESSO INTERNACIONAL DE LINGUÍSTICA HISTÓRICA .....	33
C. CURSO DE VERÁN DE LINGUA E CULTURA GALEGAS PARA PERSOAS DE FÓRA DE GALICIA. XXVIII EDICIÓN .....	36
<b>A ACTIVIDADE DOS INVESTIGADORES .....</b>	<b>39</b>
A. COMUNICACIÓN EN CONGRESOS E ENCONTROS CIENTÍFICOS .....	39
B. CURSOS E SEMINARIOS .....	47
C. CONFERENCIAS .....	48
D. COMITÉS CIENTÍFICOS E DE REDACCIÓN .....	50
E. PUBLICACIÓNS .....	51
PUBLICACIÓNS DO ILG .....	51
PUBLICACIÓNS DO PERSOAL DO ILG .....	55
F. REALIZACIÓN E DIRECCIÓN DE TRABALLOS ACADÉMICOS .....	62
G. ESTADÍAS EN CENTROS DE INVESTIGACIÓN .....	64
H. COMUNICACIÓNES PRESENTADAS NO ILG .....	64
I. BOLSAS E PREMIOS .....	65
K. INVESTIGADORES RECIBIDOS .....	65
L. PARTICIPACIÓN NA ORGANIZACIÓN DE REUNIÓNS CIENTÍFICAS .....	66
<b>CONVENIOS, CONTRATOS E CONTRIBUCIÓN INSTITUCIONAL .....</b>	<b>69</b>
A. CONVENIOS E CONTRATOS .....	69
B. CONTRIBUCIÓN INSTITUCIONAL: ORGANIZACIÓN SOCIAIS, ACADÉMICAS ETC. .....	69
<b>RESUMO ECONÓMICO 2015 .....</b>	<b>71</b>
<b>RELACIÓN DE RECURSOS DO ILG .....</b>	<b>73</b>
<b>PERSOAL .....</b>	<b>75</b>

# Limiār

Un ano máis o Instituto da Lingua Galega somete á consideración dos órganos de goberno da Universidade e fai pública, para xeral coñecemento da sociedade, a memoria que recolle as actividades desenvolvidas ao longo do último ano. Faino así, como non podía ser doutra maneira, para dar cumprimento a un mandato regulamentario, pero sobre todo desde a convicción de que a transparencia e a rendición de contas constitúen un imperativo que vincula e obriga as institucións públicas ou que financian a súa actividade, total ou parcialmente, con fondos públicos.

O ano 2015 foi un ano de intensa actividade dentro do Instituto. Malia as dificultades debidas a un contexto marcado pola crise e polas restricións orzamentarias, o centro conseguiu non só manter a actividade vinculada ás liñas de investigación que viña desenvolvendo nos últimos anos, senón tamén levar a cabo ou poñer a andar novas iniciativas. Deste xeito, os investigadores do ILG publicaron ao longo do ano un considerable volume de artigos e capítulos, a maior parte deles en revistas de impacto e editoras de prestixio no mundo académico; participaron en numerosos congresos de ámbito internacional desenvolvidos en diversos países de Europa e América, e realizaron estadías de investigación en universidades e centros de investigación de México, Brasil, Reino Unido ou Suíza. Paralelamente, o Instituto acolleu ao longo de 2015 6 investigadores (4 predoutorais e 2 posdoutorais), procedentes de centros de investigación do Brasil, Alemaña, Italia e Xeoxia. Mención especial merece a revista de lingüística que edita o Instituto, *Estudos de lingüística galega*, que segue consolidándose como publicación de referencia de ámbito internacional. O ano 2015 estivo marcado pola inclusión da revista no European Reference Index for the Humanities and Social Sciences (ERIH PLUS) e pola súa escalada nos Journal Rankings de SCImago, onde figura clasificada como primeira de entre as publicacións de lingüística de Galicia, Portugal e Brasil e como séptima das revistas deste ámbito publicadas en España.

Entre as novas iniciativas postas en marcha no transcurso de 2015 cómpre salientar, por unha banda, a aparición dos dous primeiros volumes da colección Limiar e a publicación do volume *En memoria de tanto mirage. Homenaxe ao profesor David Mackenzie*, editado polos profesores Dubert, Sousa e Rei-Doval, e que se saíu do prelo só uns poucos meses antes de que o querido profesor Mackenzie nos deixara. Contra final do ano, e mercé ao convenio de colaboración subscrito pola Universidade de Santiago de Compostela e a Fundación Barrié, chegou ás librarías o sexto volume do *Atlas Lingüístico Galego*, coordinado polo profesor Francisco Fernández Rei.

Tocante á organización de cursos e de reunións científicas, cómpre salientar a celebración dunha nova edición, que fai o número 28, do *Curso de lingua e cultura galegas "Galego sen fronteiras"*, en colaboración coa Real Academia Galega e a Secretaría Xeral de Política Lingüística, e do simposio que o Instituto, en colaboración co Consello da Cultura Galega, dedica cada ano a debater sobre un tema monográfico. Nesta ocasión, o encontro levou por título *Cambio lingüístico no galego actual*. De todos os xeitos, o acontecemento más relevante do ano foi sen dúbida *Gallaecia - III Congresso Internacional de Linguística Histórica*, que tivo lugar entre o 27 e o 30 de xullo como homenaxe aos profesores Ramón Lorenzo e Antón Santamarina, dous dos esteos que sustentan o Instituto da Lingua Galega. O congreso, que foi organizado polo ILG en colaboración coas Universidades de São Paulo e Federal da Bahia, reuniu en Santiago de Compostela máis de 300 participantes, procedentes de 109 universidades e centros de investigación de todo o mundo e constituíu unha excelente oportunidade para coñecer de primeira man o traballo que se está a desenvolver en todos eses centros e tamén para mostrar ao mundo a investigación lingüística e filolóxica que se está a realizar en Galicia.

Somos conscientes de que os resultados que hoxe presentamos son o froito do talento e do esforzo individual dos investigadores e investigadoras que forman parte do centro, pero tamén do compromiso, do clima de colaboración, da cultura de equipo e do espírito solidario que o Instituto asumió sempre como sinal de identidade e que tratou de promover entre os seus membros. Sabemos tamén que nada disto sería posible sen o apoio permanente da Universidade de Santiago de Compostela e sen a axuda constante de institucións como a Real Academia Galega, o Consello da Cultura Galega, a Secretaría Xeral de Política Lingüística e a Fundación Barrié. Desde aquí asumimos o compromiso se seguir traballando para corresponder á súa confianza.

Ernesto González Seoane  
Director

# Relación de liñas e proxectos de investigación

## A. PROXECTOS PROMOVIDOS NO SEO DO ILG

### 1. AMPER GALICIA

**IP:** Elisa Fernández Rei

**EQUIPO INVESTIGADOR:** Alba Aguete Cajiao, César Osorio Peláez, Sara Filgueira Lorenzo (bolsa de colaboración do MEC)

**FINANCIAMENTO:** Rede de Tecnoloxías e Análise dos Datos Lingüísticos. Programa de consolidación de unidades de investigación competitivas do SUG, Xunta de Galicia – FEDER (2014-2015) / Grupo de Referencia Competitiva, GRC2013/40 (Xunta de Galicia – FEDER).

**ENTIDADES COLABORADORAS:** AtlanTIC (Universidade de Vigo) / Servizo de Consultoría Estatística, Departamento de Estatística e Investigación Operativa, Universidade de Santiago de Compostela

#### AVANCES SIGNIFICATIVOS E RESULTADOS PUBLICADOS EN 2015

Desenvolvemento dunha ferramenta para a segmentación e análise automática de datos prosódicos, SEA\_Ap, en colaboración co grupo AtlanTIC (Universidade de Vigo).

#### CONTRIBUCIÓNES DERIVADAS

- Aplicación: SEA\_AP (**Segmentador e Etiquetador Automático para Análise Prosódica**)
- Presentación no Colóquio Internacional de Geoprosódia do Português e do Galego (Aveiro, xuño 2015): “*Ferramentas de etiquetaxe de corpora orais*”– Paula López Otero Laura Docío Fernández, Marta Martínez Maquieira, Rocío Varela Fernández
- Temos sometidos os seguintes artigos:
  - Paula López Otero / Laura Docío Fernández / Carmen García Mateo/ Marta Martínez Maquieira / Rocío Varela Fernández / Elisa Fernández Rei: “SEA\_Ap: A Segmentation and Labelling Tool for Prosodic Analysis”.
  - Marta Martínez, Rocío Varela, Carmen García-Mateo, Elisa Fernández Rei, Adela Martínez Calvo: “Introducing the SEA\_AP: an Enhanced Tool for Automatic Prosodic Analysis”.

## 2. ARQUIVO DO GALEGO ORAL (AGO)

**IP:** Francisco Fernández Rei

**EQUIPO INVESTIGADOR:** Concepción Álvarez Pousa, Carme Ares Vázquez, Xosé Henrique Costas González (UVigo), Ana García García, Carme García Rodríguez, Carme Hermida Gulías, Xavier Varela Barreiro

**INFORMÁTICA:** César Osorio Peláez, Juan José Gómez Noya

**FINANCIAMENTO:** Convenio coa Secretaría Xeral de Política Lingüística da Xunta de Galicia

**PÁGINA WEB:** <http://ilg.usc.gal/ago/>

### AVANCES SIGNIFICATIVOS E RESULTADOS PUBLICADOS EN 2015

- Realizáronse novas transcripcións de gravacións con diversos temas e de distintas procedencias. De entre elas, 20 textos xa están dispoñibles e outros 10 pendentes da revisión final para axiña penduralos na rede. Seleccionáronse tamén outras mostras que están en diferentes fases de corrección e que se van poñer en internet nos vindeiros meses. Na páxina pódese acceder tanto ao audio editado coma a dous tipos de transcripción, unha semifonolóxica e outra normativizada. As características de ambas as dúas e os criterios empregados na súa conformación están especificados no propio sitio web.
- Comezáronse a facer probas para a introdución do aliñamento da transcripción co audio en materiais do AGO.
- Continuouse co traballo de mantemento e mellora da páxina web para permitir a consulta en liña das versións multimedia dos textos do arquivo que xa están dispoñibles. Desde hai uns meses o dominio .gal tamén está operativo para este proxecto.
- Avanzouse no traballo de catalogación e arquivo de novas gravacións de galego común cun total de 45 novos rexistros. Entre estas, 28 son doazóns de audios gravados nos anos 90 por alumnado dun instituto de Compostela, mais recollidos en diferentes concellos do país, e as outras 17 son gravacións feitas neste ano 2015 polos membros do equipo. Alén disto tamén se incrementou o fondo do subarquivo do galego culto, con numerosas gravacións de conferencias, presentacións, discursos etc.
- Comezouse cos traballos de etiquetaxe de textos do Arquivo para a posta en marcha do TOILG (Tesouro Oral Informatizado da Lingua Galega).
- Continuouse co traballo de mantemento e organización do arquivo para o que se fichou unha parte nova das gravacións dos anos 80 seguindo o modelo empregado con anterioridade para o subarquivo dos etnotextos que se gravaron dende os anos 90 á actualidade.
- En relación co aproveitamento do proxecto cómpre ter en conta que a principal vía de difusión é a que se establece a través da páxina web (<http://ilg.usc.gal/ago>), mais tamén foron atendidas visitas ao fondo do AGO, no edificio do ILG, onde se explicou a orixe, a actualidade e a utilidade do arquivo. Á parte de o visitaren persoas anónimas interesadas no galego oral, que nalgúns casos mostraron interese en colaborar, sobre todo, fornecendo material gravado, o perfil maioritario é o de persoas estudas das nosa ou doutras linguas.

### CONTRIBUCIÓNIS DERIVADAS

En relación coas presentacións e publicacións derivadas do proxecto no 2015 cómpre sinalar especialmente a participación de seis membros do equipo no *Gallæcia - III Congreso Inter-*

*nacional de Linguística Histórica*, Santiago de Compostela, 27-30 xullo 2015. Presentáronse, en dúas sesións coordinadas, os relatorios que se indican a continuación:

- Francisco Fernández Rei: "O Arquivo do Galego Oral do ILG: xénese e situación actual"
- Carme Hermida Gulías: "Os textos orais do concello de Teo e a súa importancia para o galego e para outras disciplinas"
- Ana García García: "Unha viaxe á Ribeira Sacra a través da oralidade: a fala do concello de Taboada no *Arquivo do Galego Oral*"
- Francisco Xavier Varela Barreiro: "O *Tesouro Oral Informatizado da Lingua Galega* (TOILG): caracterización do corpus"
- Xosé Henrique Costas González: "Os textos orais do val do río Ellas e a súa importancia para a dialectoloxía galega e portuguesa"
- Concepción Álvarez Pousa: "A variación lingüística galega en textos orais do concello de Viana do Bolo"

Utilizáronse tamén gravacións que forman parte do AGO para a publicación de dous libros de Carme Hermida Gulías:

- *Un século na historia de Galicia. Os Hermida de Sever.* [Santiago de Compostela]: Meubook, 2015.
- *Daniel Pernas. Unha ponte cara ó futuro.* [Santiago de Compostela]: Meubook, 2015.

Xosé Henrique Costas González presentou tamén as comunicacións que se indican a continuación e que están neste momento pendentes de publicación:

- "A recuperación léxica do galego do val do río Ellas (Cáceres)", en *II Congreso Internacional da Rede de Lexicografía (RELEX)*, Santiago de Compostela, 5-7/10/2015 (con Ana Alicia Manso Flores).
- "A dialectoloxía valega na lingüística histórica galega", en *III Coloquio Galego de Lingüística Histórica*, Vigo, 12-13/11/2015.
- "Achegas á procedencia do léxico do val do río Ellas (Cáceres)", en *IV congreso da Sociedad Extremeña de Estudios Portugueses y de la Lusofonía (SEEPLU)*, Cáceres 11-13/11/2015 (con Ana Alicia Manso Flores).

### 3. ANÁLISE DIALECTOMÉTRICA DOS DATOS DO ATLAS LINGÜÍSTICO GALEGO

**IP:** Xulio C. Sousa Fernández

**EQUIPO INVESTIGADOR:** Rosario Álvarez, Francisco Dubert, Marta Negro Romero

**FINANCIAMENTO:** Axuda consolidación e estruturación de unidades de investigación do SUG, Secretaría Xeral Universidades, Consellería Educación (2013-2016) Proxecto financiado parcialmente polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER)

#### AVANCES SIGNIFICATIVOS E RESULTADOS PUBLICADOS EN 2015

En 2015 leváronse a cabo as seguintes tarefas:

- Incorporación de preguntas á base de datos (léxico e mofosintaxe)
- Revisión da base de datos

- Adaptación dos materiais ao programa de análise Gabmap
- Estudo e análise de preguntas referidas ao léxico

#### CONTRIBUCIÓN DERIVADAS

- "Os estudos de dialectometría na xeolingüística actual", Francisco Dubert García, Xulio C. Sousa Fernández: *Colóquio Internacional de Geoprosódia do Portugués e do Galego*, Aveiro (Portugal), 17-19 xuño 2015.
- "On quantitative geolinguistics: an illustration from Galician dialectology", F. Dubert & X. Sousa, *Dialectologia. Special Issue 2016* (no prelo).
- "Aggregate analysis of lexical variation in Galician", Xulio Sousa (no prelo).

### 4. ATLAS LINGÜÍSTICO GALEGO (ALGA)

**IP:** Francisco Fernández Rei, Manuel González González, Rosario Álvarez

**EQUIPO INVESTIGADOR:** Xulio Sousa Fernández, Francisco Dubert García, Antón Santamarina, Ana García García, Carme Hermida Gulías, Rosa Mouzo Villar, Irene Santos Raña, Raquel Vila Amado

**INFORMÁTICA:** César Osorio Peláez, Juan José Gómez Noya

**FINANCIAMENTO:** Convenio coa Secretaría Xeral de Política Lingüística da Xunta de Galicia, Axuda ao grupo de investigación FILGA (Xunta de Galicia – FEDER)

**PÁGINA WEB:** <http://ilg.usc.gal/indices/>

#### AVANCES SIGNIFICATIVOS E RESULTADOS PUBLICADOS EN 2015

- A finais do 2015 imprimiuose o Volume VI *Léxico. Terra, prantas e árbores*. Dirixido por Constantino García e Antón Santamarina; coordinado por F. Fernández Rei; investigadores R. Álvarez Blanco, F. Fernández Rei e M. González González. [A Coruña / Santiago de Compostela]: Fundación Barrié / Universidade de Santiago de Compostela, 2015, 731 p. [ISBN 978-84-9752-100-0 (Fundación Barrié), ISBN 978-84-16533-12-1 (Universidade de Santiago de Compostela), ISBN 84-85728-91-2 (obra completa), Depósito legal C 2071-2015].
- Revisáronse as lendas e os mapas do *Atlas Lingüístico Galego. Volume VII. Ser humano (II)* e leváronse a cabo algunas modificacións, tendo en conta novos criterios de cara á versión final. Comezouse coa maquetación da obra.
- Elaboráronse diversas lendas cos seus respectivos mapas do *Atlas Lingüístico Galego. Volume VIII. Agricultura (I)*. Tamén se levaron a cabo revisións doutras lendas anteriores.
- Fíxose a primeira redacción de 60 mapas do *Atlas Lingüístico Galego. Volume IX. Léxico. Animais salvaxes e domésticos*, con lendas e notas:

1 Paxaro, 2 Voar, 3 Pousarse, 4 Anoxar, 5 Pico, 6 Ás (ala), 7 Pluma, 8 Niño, 9 Nabiñeiro, 10 Gorrión, 11 Carrizo, 12 Paporrubio, 13 Pimpín, 14 Xílgaro, 15 Verderolo, 16 Xirín, 17 Cuco, 18 Laberca, 19 Cotovía, 20 Merlo, 21 Cantar o merlo, 22 Carboeiro, 23 Arcea, 24 Lagarteiro, 25 Escribente, 26 Vichelocrego, 27 Malvís, 28 Anduriña, 29 Vencello, 30 Ferreiro, 31 Ruixeñor, 32 Peto, 33 Lavandeira, 34 Pombo, 35 Rula, 36 Pega, 37 Gaio, 38 Curuxa, 39 Moucho, 40 Bubela, 41 Tordo, 42 Gralla, 43 Perdiz, 44 Perdigón, 45 Paspaillás, 46 Ave de rapiña, 47 Miñato, 48 Aguia, 49 Pineireiro, 50 Morcego, 51 Toupa, 52 Toupeira, 53 Rato, 54 Porco teixo, 55 Denociña, 56 Garduña, 57 Ardilla, 58 Londra, 59 Furón, 60 Coello.

## CONTRIBUCIÓN DERIVADAS

- *Atlas Lingüístico Galego. Volume VI Léxico. Terra, prantas e árbores.* Dirixido por Constantino García e Antón Santamarina; coordinado por F. Fernández Rei; investigadores R. Álvarez Blanco, F. Fernández Rei e M. González González. [A Coruña / Santiago de Compostela]: Fundación Barrié / Universidade de Santiago de Compostela, 2015, 731 p.
- Xulio C. Sousa Fernández / David Rodríguez Lorenzo (2015): "Do espazo ao tempo: un estudo sobre o cambio lingüístico no galego moderno". *Simposio ILG 2015. Cambio lingüístico no galego actual*. Santiago de Compostela, 16-25 novembro 2015.
- Francisco Fernández Rei (2015): "Corenta anos de Atlas Lingüístico Galego (ALGa)". *Gallaecia - III Congresso Internacional de Linguística Histórica*. Santiago de Compostela, 27-30 xullo 2015.
- Rosa Mouzo Villar / Irene Santos Raña / Raquel Vila Amado (2015): "Atlas Lingüístico Galego" [Póster]. *Gallaecia - III Congresso Internacional de Linguística Histórica*. Santiago de Compostela, 27-30 xullo 2015.

## 5. BIBLIOTECA DIXITAL DA GALICIA MEDIEVAL (BGM)

**IP:** Xavier Varela Barreiro

**EQUIPO INVESTIGADOR:** Lucía Doval Iglesias, Ricardo Pichel Gotérrez, Xavier Gómez Guinovart (UVigo), Ana Suárez González (USC-Historia)

**INFORMÁTICA:** Xavier Gómez Guinovart (UVigo)

**FINANCIAMENTO:** Convenio coa Secretaría Xeral de Políticas Lingüísticas (Xunta de Galicia)

**PÁGINA WEB:** <http://ilg.usc.gal/BGM/> (<http://bgm.cocodin.com/>)

### AVANCES SIGNIFICATIVOS E RESULTADOS PUBLICADOS EN 2015

No transcurso do ano 2015 reformulouse a estrutura de córpora medievais preexistentes no senso de transformar nun corpus único (CIGPA: *Corpus Informatizado GalegoPortugués Antigo*) os cinco preexistentes (Galiza: TMILG, TMILL-G e TMILC-G; Portugal: TMILP e TMILL-P) (ver proxecto *Corpus Informatizado GalegoPortugués Antigo*). En paralelo, tamén se iniciou a unificación das distintas bibliotecas preexistentes ou previstas (Galiza: BGM; Portugal: BGP) nun único recurso tamén galegoportugués: *Biblioteca dixital GalegoPortuguesa Antiga*. En tanto non se implante na rede o novo recurso permanecerán operativos os existentes.

Segundo o plan de traballo previsto, no ano 2015 continuouse co arreventamento da base textual, á que foron incorporadas as coleccións documentais contidas nos *Estudios Crítico-Históricos de Galicia* (1916) e nos *Nuevos Estudios Crítico-Históricos de Galicia* (1916) de Atanasio López.

## 6. CAMBIO LINGÜÍSTICO NO GALEGO ACTUAL

**IP:** Xosé Luís Regueira Fernández

**EQUIPO INVESTIGADOR:** Manuel González González, Francisco Cidrás Escáneo, Xulio Sousa Fernández, Francisco Dubert García, Elisa Fernández Rei

**FINANCIAMENTO:** Dirección General de Investigación Científica y Técnica do Ministerio de Economía y Competitividad (Ref. FFI2012-33845) (20000 €)

## AVANCES SIGNIFICATIVOS E RESULTADOS PUBLICADOS EN 2015

Neste ano continuouse con gravacións, áinda que sobre todo se traballou na transcripción, anotación e aliñamento texto-voz, en conexión co proxecto CORILGA. A maior parte dos esforzos dedicáronse á elaboración de estudos e traballos sobre diferentes aspectos: fonética, morfoloxía, sintaxe, discurso, efectos do contacto de variedades e de linguas, entre outros.

Os principais resultados foron presentados en congresos internacionais e en simposios e reunións científicas. En particular, en conexión con este proxecto, presentouse un panel de cambio lingüístico no III Congresso Internacional Gallaecia, e organizouse o Simposio 2015 do ILG co mesmo título deste proxecto, no que participaron a maioría dos membros do equipo, xunto con outros investigadores doutras universidades galegas e estranxeiras. Algúns destes traballos xa foron publicados, áinda que boa parte da producción resultante deste ano está en fase de publicación.

### CONTRIBUCIÓNDS DERIVADAS

Congresos:

- *Gallaecia – III Congresso Internacional de Linguística Histórica* (Santiago de Compostela, 27-30 de xullo de 2015):
  - A) Sesión coordinada “Mantemento e cambio lingüístico no galego actual” (coord. X. L. Regueira):
    - Francisco Cidrás Escáneo: Valores pragmáticos en competencia: usos evidenciais do marcador epistémico ‘seica’.
    - José Manuel Dopazo Entenza: Mantemento e mudanza lingüística nos falantes da illa de Ons: as sibilantes.
    - Xosé Luís Regueira: «Coma na casa en ningún lado»: mantemento, cambio e identidade nunha fala rural.
  - B) Sesión coordinada: “Contacto galego-español e cambio lingüístico no galego actual (coord. Elisa Fernández Rei):
    - Elisa Fernández Rei: “Entoación e contacto entre variedades lingüísticas en Galicia”
    - Francisco Dubert: “Procesos de simplificación e de complicación da gramática galega asociados ó contacto co castelán”
    - Alba Aguete: “Variación e contacto lingüístico no vocalismo galego”
  - C) Comunicacións libres:
    - Eduardo Louredo: “Variación na morfoloxía verbal das falas da comarca do Ribeiro”
    - Noemi Basanta: “Eu son micromachista: identidades femininas na encrucillada dos discursos sobre a modernidade”.
- *Simposio ILG 2015: Cambio lingüístico no galego actual* (16-25 novembro 2015)
  - Alba Aguete: “Factores internos e externos na variación e no cambio do vocalismo galego”
  - Noemi Basanta: “As formas cambiaron porque o mundo cambió”: identidade, performance e cultura en narrativas relationalmente mediadas”

- Xulio Sousa e David Rodríguez: "Do espazo ao tempo: un estudo sobre o cambio lingüístico no galego moderno".
- Francisco Dubert: "Cambio e estrutura na morfoloxía verbal do galego"
- Xosé Luís Regueira: "Cambio lingüístico, variación e interacción: continuidade e cambio no galego e no portugués"
  
- *50th International Congress on Medieval Studies, Western Michigan University, Kalamazoo, Michigan, May 14–17, 2015*
  - Francisco Dubert: "Del verbo gallego medieval al contemporáneo: entre el contacto y la autonomía lingüísticos".
  
- *XVe Colloque International de Linguistique Ibéro-Romane (CILIR 2015), Rouen, 3-5 xuño 2015*
  - Eduardo Louredo Rodríguez: "Aproximación ás formas de tratamento: cambio interxeracional na comarca do Ribeiro"
  
- *International Conference on Language Variation in Europe 8 (ICLaVE), Leipzig, 27-29 maio 2015.*
  - Xulio Sousa: "Aggregate analysis of lexical variation in Galician dialects"
  - Eduardo Louredo: "A study of Galician-Castilian contact based on the verb morphology of dialects of the Ribeiro district"
  
- *Deutscher Lusitanistentag 2015, RWTH Aachen, 16-19 setembro 2015*
  - Eduardo Louredo: "Aproximación á variación está cantando - está a cantar en galego"
  - Noemi Basanta: "Mudanzas sociais e reconstrucción narrativa da identidade heterosexual"
  
- *Ibero-Romance Languages in Contact and in Contrast, Ghent University, 14-16 de decembro de 2015.*
  - Eduardo Louredo: "Aproximación ao contacto galego-castelán no galego do Ribeiro"
  - Xosé Luís Regueira: "Gallego y portugués: continuidad, convergencia y divergencia"
  
- *Colóquio Internacional de Geoprosódia do Português e do Galego, Univ. Aveiro, 17-19 de xuño 2015.*
  - Elisa Fernández Rei: "Factores sociolingüísticos e xeoprosodia do galego".
  - *Símposio Internacional EDiSo. Coimbra, 18-20 xuño 2015.*
  - Noemi Basanta: "A indexicalidade na construcción discursiva do espacio e a sexualidade"

- XXXI Encontro Nacional da Associação Portuguesa de Linguística (Univ. do Minho, Braga, 28-30 de outubro de 2015)
  - Xosé Luís Regueira: "Variación e mudanza en galego e en portugués: as fricativas sibilantes non voceadas".

#### Encontros e xornadas:

- Novas tendencias na lingüística no espazo galego-portugués (UdC, 8 maio 2015):
  - Noemi Basanta: "Ser una chica de bien: Identidade e interacción lingüística desde a perspectiva de xénero"
- Jornada de Lingüística Galega e Portuguesa, Instituto de Estudos da Linguagem da Universidade Estadual de Campinas (UNICAMP), Campinas, Brasil, 23 de outubro de 2015.
  - Francisco Dubert: "Morfología flexiva galega: aspectos comparativos e dialectais"
- III Coloquio de Lingüística Histórica, Vigo, 12-13 novembro 2015.
  - Xulio Sousa: "A xeolingüística e o estudio da historia das linguas"
  - Xosé Luís Regueira: "Variación lingüística, dialectoloxía e gramática histórica: algúns problemas do cambio lingüístico en galego e portugués"
- III Encontro da Mocidade Investigadora (EDI-USC), Santiago de Compostela, 25-26 marzo 2015
  - Noemi Basanta: "Diferenza como discurso identitario. Entre a oposición e a pluralidade de xénero" [Póster].

14

#### Artigos:

- Louredo Rodríguez, Eduardo (2015): "On the use of the article with proper names of persons in Galician", *Dialectologia. Special Issue V: Syntactic variation in western european languages. From the noun phrase to clause structure*, eds. Xulio Sousa, Carlota de Benito & Víctor Lara, 167-190.
- Martínez Calvo, Adela, & Elisa Fernández Rei (2015): "Unha ferramenta informática para a análise dialectométrica da prosodia". *Estudios de Fonética Experimental* 24, 289-303.
- Basanta, Noemí (2015): "Igualdade de xénero e didáctica das linguas. Aproximación ás tarefas comunicativas desde a lingüística sociodiscursiva", *Revista Galega de Filoloxía* 16, 11-42.
- Basanta, Noemí (2015): "Evolución histórica das mulleres no ensino: da educación feminina á coeducación en igualdade", *Revista Galega do Ensino*, 70
- Regueira, Xosé Luís (2014 [2016]) Mantenimiento y cambio lingüístico: sibilantes en gallego. *Revista de Filología Románica* 31, número especial, 151-168. [Ten data do 2014, pero saíu en febreiro de 2016].

## 7. CONSTRUCIÓNS VERBAIS E SINTAXE DA ORACIÓN (CoNVERSO)

**IP:** Rosario Álvarez Blanco e Xosé Xove Ferreiro

**EQUIPO INVESTIGADOR:** Beatriz Domínguez Oroña

**FINANCIAMIENTO:** Real Academia Galega

**ENTIDADES COLABORADORAS:** Instituto da Lingua Galega (USC) e Seminario de Gramática da Real Academia Galega

## AVANCES SIGNIFICATIVOS E RESULTADOS DERIVADOS EN 2015

Desde a saída o 15/05/2012 da última bolseira, Luz Varela Armas, interrompeuse a incorporación de novos datos á base, que actualmente conta cuns 61.000 rexistros dos 100 verbos más frecuentes. Nesta nova fase Xosé Xove continuou coa revisión da base, neste último ano centrada no estudo a fondo do campo relativo á clasificación das oracións subordinadas. O resultado deste traballo de revisión e refinamento da base está sendo utilizado polos membros do equipo redactor da *Gramática da lingua galega* para o estudo da sintaxe do galego, e particularmente o das oracións subordinadas; serviu tamén de base para o curso monográfico *Cuestións actuais da gramática. A subordinación oracional*, impartido por Rosario Álvarez dentro do programa interuniversitario de Doutoramento en Lingüística (curso 2014-2015).

No marco deste proxecto realizaase a tese de doutoramento de Beatriz Domínguez Oroña, *A alternancia causativa-anticausativa en pares léxicos no galego actual* (Directora: Rosario Álvarez).

## 8. CORPUS DIXITAL DE TEXTOS GALEGOS DA IDADE MODERNA. CATALOGACIÓN, MULTIEDICIÓN, GLOSARIO E ESTUDO

**IP:** Ernesto González Seoane e Rosario Álvarez Blanco

**EQUIPO INVESTIGADOR:** Sandra Beis Silva, Xosé Antonio Fernández Salgado, Michael J. Ferreira, Juan Jesús Gómez Noya, Domingo González Lopo, Rita Marquillas, Gonzalo Navaza Blanco, César Osorio Peláez, José Luis Rodríguez Gómez, Concepción Varela Orol, Florentina Xoubanova Montero, Xosé Xove Ferreiro

**FINANCIAMIENTO:** Secretaría de Estado de Investigación, Desarrollo e Innovación (Ministerio de Economía y Competitividad, referencia FFI2013-47589-P)

## AVANCES SIGNIFICATIVOS E RESULTADOS PUBLICADOS EN 2015

Ao longo do ano 2015 o traballo concentrouse na catalogación sistemática das fontes textuais e bibliográficas do período. Elaboráronse tamén os criterios para a transcripción paleográfica e para a edición interpretativa dos textos e adaptouse, coa colaboración do equipo investigador do proxecto *Post Scriptum*, unha ferramenta para a edición e anotación dos textos.

## CONTRIBUCIÓNS DERIVADAS

- Rosario Álvarez / Ernesto González Seoane (2015): "O romancillo da cea do cordeiro, texto galego do século XVII", en Francisco Dubert / Gabriel Rei-Doval / Xulio Sousa (eds.), *En memoria de tanto miragre. Estudos dedicados ó profesor David Mackenzie*. Santiago de Compostela: Universidade, 21-40.
- Rosario Álvarez / Ernesto González Seoane (no prelo): "Iluminar los Séculos Escuros: Gondomar, un corpus para el estudio del gallego en la Edad Moderna", en Johannes Kabatek (ed.): *Lingüística de corpus y lingüística histórica iberorrománica*. Berlin: De Gruyter (Beihefte zur Zeitschrift für romanische Philologie).
- Rosario Álvarez (2015): "A imaxe lingüística dos galegos fóra de Galicia. Textos hispánicos do século XVII" (conferencia plenaria), *XI Congreso Internacional da Asociación Internacional de Estudios Galegos 2015*. Universidad de Buenos Aires, 6-8 abril de 2015.
- Rosario Álvarez / Ernesto Xosé González Seoane / César Osorio Peláez / Florentina Xoubanova Montero (2015): "Gondomar. Corpus dixital de textos galegos da Idade

Moderna", *Gallæcia. III Congresso Internacional de Linguística Histórica. Homenagem aos Professores Ramón Lorenzo e Antón Santamarina*. Universidade de Santiago de Compostela, 27-30 xullo 2015.

## 9. CORPUS INFORMATIZADO GALEGO-PORTUGUÉS ANTIGO (CIGPA)

**IP:** Xavier Varela Barreiro / Maria Francisca Xavier

**EQUIPO INVESTIGADOR:** Lucía Doval Iglesias, Ricardo Pichel Gotérrez, José António Souto Cabo

**INFORMÁTICA:** César Osorio Peláez / Juan Jesús Gómez

**FINANCIAMENTO:** Convenio coa Secretaría Xeral de Política Lingüística (Xunta de Galicia)

**PROXECTOS EN COOPERACIÓN:** RILG (<http://sli.uvigo.es/RILG/>)

**PÁGINA WEB:** <http://ilg.usc.gal/CIGPA/>

### AVANCES SIGNIFICATIVOS E RESULTADOS PUBLICADOS EN 2015

No ano 2015 materializouse o proxecto de integración dos córpora galegos e portugueses nun único recurso. Foi posible coa participación, como parceiros do país irmán, do equipo de investigación lisboeta do *Corpus Informatizado do Portugués Medieval*, dirixido por María Francisca Xavier no Centro de Lingüística da Universidade Nova de Lisboa. Xuntamente cos córpora galegos e portugueses da nosa responsabilidade (Galiza: *Tesouro Medieval Informatizado da Lingua Galega-TMILG*, *Tesouro Medieval Informatizado da Lingua Latina [Galicia]-TMILL-G*, *Tesouro Medieval Informatizado da Lingua Castelá [Galicia]-TMILC-G*; Portugal: *Tesouro Medieval Informatizado da Lingua Portuguesa-TMILP*, *Tesouro Medieval Informatizado da Lingua Latina [Portugal]-TMILL-P*) serviron de base da trasformación no levantamento do novo recurso, denominado *Corpus Informatizado Galego-Portugués Antigo* (CIGPA).

O grosor da actividade, realizada en Santiago, centrouse na conversión ao formato XML dos textos procedentes do equipo lisboeta, paso previo necesario para a ensamblaxe dos córpora. Como resultado, a base textual do novo corpus presenta un volume considerable de texto nunha nómina de títulos que sobrepasa en número as 150 obras ou coleccións documentais.

No arrequentamento das bases textuais galegas incorporáronse dúas obras (*Cancioneiro de Afonso Páez* [Monteagudo 2013], *As Encrobas, Noia, Ribadulla e Urdilde* [Rodríguez Parada 2014]) e foron obxecto de revisión outras tres (*Lírica Profana* [Brea 2015-versión electrónica actualizada], *Crónica de 1404* [Pérez Pascual 1990] e *Fragmentos de notarios-Ourense, séculos XIV-XVI* [López Carreira 2007]).

Entre outras actividades, destaca a presentación ao congreso internacional *Gallæcia – III Congresso Internacional de Linguística Histórica* (Santiago de Compostela, xullo de 2015) de relatorios por parte de membros do equipo. Eduardo Moscoso compareceu con "Tresouro Medieval Informatizado da Lingua Castelá (Galiza) (TMILC-G)". Xavier Varela / María Francisca Xavier fixérono con "Corpus Informatizado do Galego-Portugués Medieval (CIGPM)". Nesta intervención, en foro tan acaído por ser de esencia galegoportuguesa, presentouse por primeira vez o novo corpus.

## 10. CORPUS ORAL INFORMATIZADO DA LINGUA GALEGA (CORILGA)

**IP:** Xosé Luís Regueira Fernández

**EQUIPO INVESTIGADOR:** Elisa Fernández Rei, Manuel González González, Francisco Cidrás Escáneo, Xulio Sousa, Francisco Dubert García, Noemi Basanta Llanes, César Osorio Peláez, Alba Aguete Cajiao, Naír García Abelleira, Xosé Manuel Dopazo Entenza, Lucía Barreiro Capón, Juan Jesús Gómez Noya

**FINANCIAMIENTO:** Sen financiamento externo específico  
**ENTIDADES COLABORADORAS:** Grupo Tecnoloxías Multimedia (UVigo)

#### AVANCES SIGNIFICATIVOS E RESULTADOS PUBLICADOS EN 2015

Continuando coa preparación da ferramenta de xestión e recuperación da información, en colaboración co grupo de Tecnoloxías Multimedia da Univ. de Vigo, incorporáronse ferramentas de aliñamento texto/voz, de recoñecemento de voz para a transcripción automática, así como un anotador morfolóxico automático.

Preparáronse 35 horas de gravación con transcripción fonética e ortográfica, procedentes dos traballos de doutoramento de Francisco Dubert e Xosé Luís Regueira, que serán aliñados e incorporados proximamente.

Continuouse coa revisión das transcripcións existentes e coa realización doutras novas, especialmente dos medios de comunicación, entre outros traballos

Actualmente estanse facendo probas e corrixindo os problemas de funcionamento detectados, coa finalidade de abrir ao uso público unha parte das case 100 horas de gravacións anotadas de que se dispón, nunha primeira fase. Con este propósito efectuouse a migración dos servidores da Univ. de Vigo para o servidor do ILG.

#### CONTRIBUCIÓNES DERIVADAS

- *I Jornadas Filológicas Internacionales de la Universidad de La Rioja* (Logroño / San Millán de la Cogolla, 30 de setembro-2 de outubro de 2015).
  - Autores: Xosé Manuel Dopazo, Lucía Barreiro, Naír García Abelleira, Xosé Luís Regueira, Carmen García Mateo, Rocío Varela, Marta Martínez, Roberto Seara.  
 Título: "Corpus Oral Informatizado da Lingua Galega"

### 11. DICIONARIO DE PRONUNCIA DA LINGUA GALEGA

**IP:** Xosé Luís Regueira Fernández  
**EQUIPO INVESTIGADOR:** Noemi Basanta Llanes, César Osorio Peláez, Juan Jesús Gómez Noya  
**FINANCIAMIENTO:** Sen financiamento específico.  
**ENTIDADES COLABORADORAS:** Seminario de Lexicografía da Real Academia Galega  
**PÁGINA WEB:** [ilg.usc.gal/pronuncia](http://ilg.usc.gal/pronuncia)

#### AVANCES SIGNIFICATIVOS E RESULTADOS PUBLICADOS EN 2015

Efectúaronse labores de mantemento, coa corrección de errores detectados. Dado que este recurso é o que fornece de pronuncias o diccionario en liña de Real Academia Galega, a medida que se van incorporando novas voces neste cómplexe actualizar o *Dicionario de pronunciación* para que o diccionario da RAG estea completo para a súa consulta en rede. Isto obriga a ir incorporando progresivamente novas voces, que son pronunciadas por Noemi Basanta, membro do equipo.

### 12. DICIONARIO DOS APELIDOS GALEGOS

**IP:** Ana Isabel Boullón Agrelo  
**EQUIPO INVESTIGADOR:** Gonzalo Navaza Blanco (Universidade de Vigo), Antón Palacio Sánchez (Universidade de Vigo), Luz Méndez (Comisión de Toponimia da Xunta de Galicia), Sandra Beis Silva  
**ENTIDADES COLABORADORAS:** Real Academia Galega

Durante o ano 2015 continuouse traballando na elaboración das entradas e na compilación de información histórica. O número de apelidos que constitúen entrada no dicionario son, en principio, aqueles que teñen maior frecuencia de 30, que supuñan nun principio uns 5.800. Dado que en cada entrada se inclúen tódalas formas da mesma familia léxica (aínda que teñan un número de ocorrencias inferior a 30), o número de apelidos foi aumentando, e neste momento sitúase arredor dos 6.500. Os apelidos rematados no ano 2015 son 4.294, o que constitúe un número equivalente de entradas, entre as principais e as remisivas, e supón un 66% do total previsto. Isto significa que estas entradas xa foron elaboradas e pasaron por un proceso de revisión por cada un dos membros do equipo, por outro proceso de revisión convxunta e por unha última revisión individual coa incorporación das suxestións antes da súa inclusión no dicionario.

#### **ACTIVIDADES RELACIONADAS CO PROXECTO**

- Boullón Agrelo, Ana Isabel: "Conformación e desenvolvemento do sistema antropónimo en Galicia". Comunicación presentada no simposio "Onomástica" que tivo lugar no congreso *Gallæcia – III Congresso Internacional de Linguística Histórica. Santiago de Compostela, 27-30 de Julho de 2015 (III CILH)*. Instituto da Lingua Galega - Universidade de Santiago de Compostela.
- Boullón Agrelo, Ana Isabel: "Descripción do sistema antropónímico galego", no I *Encontro Brasileiro de Estudos Galegos* (I EBEG), 13-15 de abril de 2015, na Universidade Federal da Bahia (UFBA). Presentación.

### **13. EDICIÓN DA COLECCIÓN DIPLOMÁTICA DOS DOCUMENTOS GALEGOS MEDIEVAIS**

**IP:** Ana Isabel Boullón Agrelo

**EQUIPO INVESTIGADOR:** Maka Pérez González, Ramón Lorenzo Vázquez

**FINANCIAMIENTO:** Convenio coa Xunta de Galicia (Consellería de Educación, Secretaría Xeral de Política Lingüística)

#### **AVANCES SIGNIFICATIVOS PRODUCIDOS EN 2015**

Rematouse e enviouse ao prelo a *Colección documental do mosteiro de Montederramo*, en edición de Ramón Lorenzo. Na actualidade está en proceso de maquetación.

Na edición do corpus medieval do mosteiro de Santa María de Oia, Pontevedra, revisáronse os documentos das carpetas 1794 a 1797 do Arquivo Histórico Nacional.

Cos novos datos obtidos da dita transcripción seguimos enchendo, mantendo e ampliando a nosa base de datos, creada por nós cos datos dos fondos documentais do mosteiro, que inclúe información imprescindible para a súa organización e manexo, dado o alto volume de documentación manexado (entre outras, data, tipoloxía documental, nome do notario ou escriba etc.).

### **14. EDICIÓN E ELABORACIÓN DOS MATERIAIS GALEGOS DO ALPI (ATLAS LINGÜÍSTICO DE LA PENÍNSULA IBÉRICA)**

**IP:** Xulio C. Sousa Fernández

**EQUIPO INVESTIGADOR:** David Rodríguez Lorenzo, Soraya Suárez Quintas, Marta Negro Romero

**FINANCIAMIENTO:** Convenio Secretaría Xeral de Política Lingüística / Consejo Superior de Investigaciones Científicas

**ENTIDADES COLABORADORAS:** Consejo Superior de Investigaciones Científicas (<http://www.csic.es/>)

### AVANCES SIGNIFICATIVOS E RESULTADOS PUBLICADOS EN 2015

Durante o ano 2015 desenvolveronse as seguintes tarefas:

- Revisión e corrección dos materiais da base de datos (campo fonético, lema e anotacións)
- Reunións de coordinación (outubro de 2015)
- Análise de diferentes preguntas dos materiais galegos e de zonas limítrofes

### CONTRIBUCIÓNDS DERIVADAS

- "Do espazo ao tempo: un estudo sobre o cambio lingüístico no galego moderno", Xulio C. Sousa Fernández / David Rodríguez Lorenzo (2015): *Simposio ILG 2015. Cambio lingüístico no galego actual*, Santiago de Compostela, 16-25 novembro 2015.
- "Edición e elaboración dos materiais galegos do ALPI", Carolina Pérez Capelo / Rosa Mouzo Villar / Soraya Suárez Quintas (2015): *Gallaecia - III Congresso Internacional de Lingüística Histórica*, Santiago de Compostela, 27-30 xullo 2015.

## 15. FITOFALADOIRO

**IP:** Rosario Álvarez

**EQUIPO INVESTIGADOR:** Francisco Dubert García, Antón L. Santamarina Fernández (ILG) / Javier Amigo, David García San León (Herbario SANT)

**FINANCIAMENTO:** Sen financiamento específico en 2015

**PROXECTOS EN COOPERACIÓN:** Instituto da Lingua Galega e Real Academia Galega

### AVANCES SIGNIFICATIVOS E RESULTADOS DERIVADOS EN 2015

Na convocatoria de 2015 o *Fitofaladoiro* pasou a ser un dos programas incluídos oficialmente no Plan Proxecta da Consellería de Educación. A páxina web da Consellería correspondente ao *Fitofaladoiro* atópase no enlace: <http://www.edu.xunta.es/portal/node/16743>

Grazas a este impulso, no curso 2015-2016 únironse ao proxecto catorce centros de ensino distribuídos por toda Galicia. Aos seminarios preparatorios, celebrados na primeira semana de novembro, con anterioridade ao inicio da campaña nos centros, asistiron representantes do profesorado de 13 centros de Fisterra, Negreira, A Fonsagrada, Lugo, Mondoñedo, Monforte, Bande, Ourense, Agolada, Bueu, Silleda, Tui e Vilagarcía; desculparon os de Arzúa, Boiro, Burela, Cervantes, Viveiro e Meis. En total, 19 centros participantes activos, coordinados, desde o inicio deste curso.

Os datos básicos do proxecto figuran en <http://ilg.usc.gal/gl/proxectos/fitofaladoiro>. Para acceder aos documentos, aos resultados do recurso e participar on-line, <http://fitofaladoiro.eu/>

## 16. GALEGO E PORTUGUÊS BRASILEIRO: HISTÓRIA, VARIAÇÃO E MUDANÇA

**IP:** Xosé Henrique Monteagudo Romero

**EQUIPO INVESTIGADOR:** Rosario Álvarez, Francisco A. Cidrás Escáneo, Francisco Dubert, Elisa Fernández Rei, Ernesto X. González Seoane, Xulio Sousa, Xoán Lagares

**FINANCIAMENTO:** Ministerio de Educación Cultura y Deporte

## AVANCES SIGNIFICATIVOS E RESULTADOS DERIVADOS EN 2015

No marco deste proxecto realizáronse as estadías dos profesores Francisco Dubert e Elisa Fernández Rei na Universidade Federal Fluminense de Niterói. Froito destas estadías son tamén un minicurso impartido por estes dous profesores no programa de posgraduación desta Universidade. Tamén resultado deste proxecto é a presenza no ILG de André Felipe Cunha Vieria e de Leonardo Lennertz Marcotulio.

## 17. GRAMÁTICA DA LINGUA GALEGA

**IP:** Rosario Álvarez

**EQUIPO INVESTIGADOR:** Francisco A. Cidrás Escáneo, Ernesto González Seoane, Xosé Luís Regueira Fernández, Xosé Xove Ferreiro

**FINANCIAMENTO:** Convenio asinado entre a USC e a RAG (2011-2013), prorrogado

**ENTIDADES COLABORADORAS:** Instituto da Lingua Galega e Real Academia Galega

## AVANCES SIGNIFICATIVOS E RESULTADOS DERIVADOS EN 2015

O equipo ten a encarga de redactar a gramática institucional da Real Academia Galega, co compromiso de entregar a esta institución o texto completo. Os traballos realizados en 2015, especificamente ou en conexión con outros proxectos en andamento, continuaron orientados a ese fin.

## 18. CORPUS DE TEXTOS ANTIGOS DE GALIZA (COTAGAL)

**IP:** Ricardo Pichel Gotérrez

**EQUIPO INVESTIGADOR:** Raquel Alonso Parada, Xosé Luís Couceiro Pérez, Pedro Dono López, Rocío Dourado Fernández, Paulo Martínez Lema, Ramón Mariño Paz, Xavier Varela Barreiro

**FINANCIAMENTO:** Sen financiamento externo específico

**PROXECTOS EN COOPERACIÓN:** Biblioteca Dixital da Galicia Medieval (dir. Xavier Varela Barreiro), Xelmírez (dir. Xavier Varela Barreiro), Corpus Informatizado Galego-Portugués Antigo (dir. Xavier Varela Barreiro), Red Internacional CHARTA (dir. Pedro Sánchez-Prieto Borja, Univ. Alcalá).

**PÁGINA WEB:** [www.cotagal.org](http://www.cotagal.org)

## AVANCES SIGNIFICATIVOS E RESULTADOS PUBLICADOS EN 2015

- Arreplantamento textual e estudos derivados:
  - Continuación da transcripción paleográfica da tradución galega da *General estoria* (RBE ms. O.I.1) e confronto escriptolóxico coa *Historia troiana* (BMP ms. 558).
  - Presentación dunha nova edición e estudo integral do fragmento do *Livro de Tristam* (AHN Códices 1501/7).
  - Revisión da transcripción paleográfica propia dos catro códices das *Cantigas de Santa María* (neste ano, especialmente, *To* e *E*).
  - Inicio da transcripción paleográfica do testemuño galego tardío da *Estoria de España* (BUS 2497).
  - Inicio da transcripción paleográfica dos testemuños galegos da *Crónica de 1404* (HSA B.2278 e, especialmente, BMP 62).

- Revisión e nova transcripción de todos os fragmentos galegos das *Partidas*, comenzando polos testemuños aínda inéditos ou pouco coñecidos.
- Transcripción paleográfica íntegra e estudo das seccións galegas (notas marxinais, glosas e texto base) incluídas por Vasco Lourenzo de Tui nun testemuño misceláneo do *Fuero Real* (BNE ms. 710).
- Nova edición e estudo do *Códice López Ferreiro*, o fragmento galego-castelán do *Fuero Juzgo* (Museo do Pobo Galego, F. Blanco Cicerón, Perg./PL).
- Avance na creación dun corpus de referencia coa documentación galega medieval transcrita polos membros do grupo e con outras coleccións diplomáticas con solvencia filolóxica.
- Arquentamento da base textual de documentación galega redixida en castelán, procesada seguindo os criterios da Red Internacional CHARTA e integrada neste corpus (<http://www.corpuscharta.es/>).
- Páxina web: elaboración dun sitio web ([www.cotagal.org](http://www.cotagal.org)) que funciona como repositorio provisional dos textos transcritos e editados polo grupo, así como dos estudos derivados.
- Metodoloxía: establecemento razoado das pautas de transcripción e edición de textos, e redacción dunha guía formativa (nível inicial e avanzado) para colaboradores externos.
- Formación dalgúns membros do equipo en diversas ferramentas de edición dixital e inicio da construcción dun protomarcado de transcripción/edición convertíbel nun etiquetado en linguaxe XML-TEI.

## PUBLICACIÓNS RELACIONADAS

- (2015): "Algunos aspectos paleográficos y grafemáticos conflictivos de la *Historia Troiana* (sección castellana, 2ª mitad del s. XIV)", en J. P. Sánchez Méndez / M. de La Torre (eds.), *Problemas y métodos en la edición y el estudio de documentos hispánicos antiguos*. Valencia: Tirant lo Blanc, pp. 535-549
- (2015): "Signos ou evidencias de corrección na escritura orixinaria da Historia Troiana (BMP Ms. 558)", en Lingüística histórica e edición de textos galegos medievais (Verba. Anuario Galego de Filoloxía, Anexo 73). Santiago de Compostela: Universidade, pp. 245-257.
- (2015): "El Códice López Ferreiro del *Fuero juzgo*: revisión filológica y escriptológica y nueva edición", *Revue de Linguistique Romane* 313-314, t. 79, pp. 123-168.

## PRESENTACIÓN EN CONGRESOS

- 24/11/2015 Sevilla (Universidad de Sevilla, Facultad de Letras): II Jornadas Internacionales de Historia de la Lengua e Historiografía - *Estoria de Espanna* Digital Project. Título: "La expansión occidental de la versión sanchina de la *Estoria de Espanna*. Prolegómenos para una (nueva) edición comparada".
- 15/10/2015 Gotemburgo, Suecia (Göteborgs universitet): IV Congreso Internacional Tradición e Innovación de la Red CHARTA, 15-17 Outubro. Título: "Apócope extrema e influencia castellanizante en los textos troyanos e historiográficos gallegos del s. XIV"
- 23/09/2015 Porto (Universidade do Porto, Faculdade de Letras): XVI Congresso da Asociación Hispánica de Literatura Medieval "Em Doiro antr'o Porto e Gaia", 21-25 Setem-

bro. Título: "A reescritura occidental da materia artúrica. Unha nova lectura do fragmento galego do *Livro de Tristam*".

